



# Venturas e desventuras dunha parroquia estradense: San Cristovo de Remesar

Juan Fernández Casal

jfcasal@hotmail.es

**Resumo.** A partir dos infortunios que castigaron esta parroquia: a destrución polo lume do interior da igrexa parroquial, o derrubamento do único cruceiro da aldea e o roubo sacrílego perpetrado recentemente, o autor vai tecendo o saudoso relato das súas lembranzas da parroquia na que exerceu durante quince anos como profesor da escola de nenos. Inclúe este traballo unha serie de fotografías de incalculable valor documental (cortesía do Museo de Pontevedra) pois mostran as imaxes, únicas e irrepitibles, das tallas destruídas polo lume.

**Abstract.** Since all the misfortunes which severely affected this parish (the church destruction caused by the fire, the collapse of the only crossing in the village and the recent sacrilegious robbery), the author creates the nostalgic story about his memories in this place, where he worked as a schoolteacher for fifteen years. This piece of work includes some photos (loaned by Pontevedra Museum) of inestimable documentary value because they show extraordinary and unrepeatably images of the sculptures destroyed by the fire.

## Limiar

Pretendemos neste relato entrar nunha das cincuenta e unha parroquias do noso concello segundo a organización eclesiástica e administrativa. Unha motivación persoal leva ao autor deste traballo a escoller este pequeno anaco de terreo, velaquí por que. Voltemos atrás no tempo e situémonos a finais do verán de 1962 cando tomaba posesión como propietario definitivo da Escola de Nenos da parroquia, praza que estivera servida bastantes cursos por mestres sustitutos e propietarios provisionais, os que, con case ningunha motivación profesional a causa da súa curta permanencia, deixaron un total descontrol organizativo e falta da disciplina precisa para crear un ambiente normal de traballo na escola. Comentaban os veciños que moitas veces tiñan que acudir para poñer un pouco de orde especialmente durante un curso escolar que servía a escola un mestre das oposicións do trinta e seis que, cos seus sesenta e catro anos, carecía de enerxía para manter a disciplina.



Mestre e alumnos da escola de Remesar. Casa de Daniel de Bosende, 1964.

Con este panorama enfrentouse este este novo mestre mais con paciencia e boas maneiras logrou controlar a marcha escolar. Por coincidencias do destino naquel mesmo ano tamén tomou posesión o sacerdote que durante vinte anos dirixiu a vida espiritual de parroquia. Este mestre educou para a vida a tres xeracións de nenos e a case dúas xeracións de nenas que en horas extraescolares querían profundizar nos coñecementos necesarios para poder enfrentarse a unha emigración cara ós países europeos. E máis aínda: toda aquela xeración de mozos e mozas, fóra xa da idade escolar, tamén quixeron prepararse e asistiron ás miñas clases en horaio nocturno. Dito todo esto, podo manifestar que case a totalidade dos veciños e veciñas que na actualidade teñen entre os cincuenta e os setenta e cinco anos foron, total ou parcialmente, meus alumnos. Ademais da miña propia laboura profesional de ensinante, colaborei en tódalas actividades parroquiais, tanto no ámbito legal coma no sanitario. Metido pois de cheo nesta parroquia vivín cos veciños todas as súas inquedanzas e ledicias e moitas veces compartían con este mestre informacións da vida privada pois confiaban nesta persoa pola súa prudencia en gardar intimidades de veciños e familias.



Mestra e alumnas da escola de nenas. Casa de Ramón da Viña, 1964.

Pasaron máis de sesenta anos desde aquel setembro de 1962 e aínda leva no seu corazón a tódolos veciños desta nunca esquecida parroquia; con este pequeno relato quero dendir homenaxe á parroquia de Remesar, ós veciños actuais e a todos os que se nos adelantaron no destino final.

O tema principal deste relato consiste nunha serie de infortunios acontecidos nesta freguesía dos que fun testigo presencial. Comecemos antes polos trocos observados cunha perspectiva de sesenta anos. Recordo aínda aquel mes de xullo de 1962 cando entrei nesta parroquia guiado por una picariña de apenas sete anos que co seu burro *Jaimito* viña buscar pan á Praza de Oca para a taberna de seu pai. Fatigosamente camiñabamos costa arriba o burro, este cansado mestre e a áxil picariña ata chegar ao lugar da Aldea Grande despois de camiñar por sendeiros, corredeiras e congostras. Polo camiño cruzamos con veciños que traballaban as súas terras; caras curtidas e queimadas polo sol que nos miraban con curiosidade. Máis adiante empezamos ver as casas, todas de pranta baixa, de pedra miúda e moitas sen cheminea.

O primeiro día de escola encóntrome con vintecinco rapaces mal vestidos e pouco limpos. Botemos agora unha ollada a este Remesar: xa

non hai congostras nin corredeiras; unha pista asfaltada moi ben señalizada con franxas central e laterais lévanos ata a mesma parroquia. Á esquerda enlaza coa que nos leva a Oca e á dereita, outra pista chega ata Agar. Desta pista xeral parten ramais secundarios que comunican todas e cada unha das casas. Esta facilidade de comunicacións e o proceso de concentración parcelaria trocaron a paisaxe rural, mais tamén a mentalidade dos lugareños e, onde antano había casañas mal feitas, vense agora novas casas que máis ven parecen chalés que casas de labradores; vivendas que non desentonarían nunha vila turística.

Pero tamén houbo trocos nas xentes. Aqueles desconfiados veciños doutros tempos voltáronse abertos, sociais e mellor vestidos. Aquele contraste que había entre os veciños de Remesar e Riobó foi desaparecendo e coído que en vivendas novas gaña por moito a parroquia de Remesar.

Pero o motivo principal de este relato é dar a coñecer tamén os infortunios polos que pasou esta parroquia. Eiquí dou conta deles polo miúdo e con abondoso material fotográfico inédito.

## **Estudo xeográfico**

A parroquia de San Cristovo de Remesar está situada na Ulla Alta, dentro do concello de A Estrada, e atravesada polo río da Curuxeira. Ten unha forma alongada de norte a sur ocupando as derradeiras estribacións dos montes da Rocha. Linda polo norte coas parroquias de Oca e Loimil; polo sur, con Agar e Orazo. No leste ten por veciña a Orazo e no oeste toca con Riobó e Santo Tomás de Ancorados. A máxima altitude sobre o nivel do mar sitúase no lugar de Outeiro con 260 metros. Forma parte das cincuenta e unha parroquias que compoñen o concello de A Estrada e ocupa o lugar trinta e seis por orden alfabético e ó mesmo tempo é unha das máis pequenas do concello con 395 hectáreas. Se as pasamos á medida tradicional agraria supoñen 15.923 ferrados e 3 cuartillos. Na xurisdición eclesiástica pertence ó arcebispado de Santiago e noutros tempo foi curato de segunda presentación do Mosteiro de Sar. Este dereito de presentación foi causa dun longo preito que entablou Don Domingo Gayoso de los Cobos, Señor de Oca (do Pazo de Oca) contra o Superior do Mosteiro de Sar ata que no ano 1775 gañou a casa de Camarasa (Duques da

Praza de Oca). Desde aquela data a parroquia de San Cristovo de Remesar e a súa anexa San Martiño de Riobó pasaron a ser presentación dos Marqueses de Oca. Pero hai xa bastantes anos que este privilexio da aristocracia para a presentación de curas deixou de existir.

## Poboación

As estimacións documentadas máis antigas do número de fregueses remóntanse ó ano 1607. Naquel tempo 20 veciños (familias) poboban estas terras de Remesar e pagaban á Igrexa dez ferrados de centeo. No ano 1847 –240 anos despois– apréciase un crecemento significativo pois pasou de 20 veciños a 62. Este aumento de poboación púidose deber ás grandes melloras técnicas de cultivo e á introdución de novas especies agrícolas.

Vexamos agora a evolución da poboación en catro épocas:

Ano	Veciños	Fregueses
1607	20	100
1846	62	310
1920	64	320
2004	46	146

Para as persoas que sintan curiosidade pola demografía imos incluír un cadro da evolución da poboación en dúas épocas moi precisas: 1920 e 2004, especificando os habitantes por lugares e casas habitadas no derradeiro ano 2004.

Lugares	Ano 1920	Ano 2004	Nº casas
Aldea Grande	108	46	15
Devesa	31	19	7
Outeiro	58	23	7
Vilasusán	59	7	3
Fontesoutelo	30	13	3
Vilanova	34	0	0
Rabeta	0	31	9
Rego	0	7	2
Total	320	146	46

E por último incluímos esta curiosa estatística elaborada este mesmo ano de 2013 por unha colaboradora, veciña da parroquia de Remesar:

Lugares	Veciños	Casas habitadas	Casas baleiras
Aldea Grande	39	13	8
Devesa	16	6	7
Outeiro	24	7	7
Vilasusán	7	4	2
Fontesoutelo	17	3	4
Vilanova	0	0	0
Rabeta	18	5	10
Rego	2	1	3
Total	123	39	41

Os datos de poboación do ano 1920 foron recollidos do libro *Geografía de Galicia* de Álvarez Limeses e os actuais proceden dunha investigación realizada por veciños da parroquia e dos que respondo da súa veracidade. Outra aclaración: a investigación de poboación realizada no ano 1920 puidera ser que agrupase os lugares da parroquia doutro xeito porque non concordan os datos. No tempo transcorrido entre o ano 1920 e o 2004 encontramos un descenso impresionante de poboación. Imos tentar analizar as causas desta perda de poboación na parroquia. En primeiro lugar, se revisamos as estatísticas de poboación e nos centramos no número de fillos por matrimonio, sobre os primeiros anos de século XX, encontramos unha media de seis fillos por matrimonio. Na actualidade esta media non chega a dous fillos (1,2). Quero recordar que nos anos sesenta, cando cheguei a esta escola de Remesar, aínda había familias numerosas pois dábase o caso de que só tres familias aportaban dezaioito nenos á escola.

A emigración cara a países europeos e tamén cara outros pobos achegados, a pouca rendibilidade da gandería e agricultura e, por outra banda, os empregos na industria e servicios moito máis gratificantes e menos sacrificados, van mingando a poboación de Remesar. Tamén podemos engadir que o control da natalidade fai diminuír o número de fillos por parella. Este proceso está a ser irreversible. Cada vez hai



Nostálgica imaxe. Saída da misa na homenaxe á mestra Pura Sánchez Guisande na súa xubilación.

máis casas baldeiras. É desconsolador recorrer os lugares vendo tantas casas deshabitadas noutro tempo cheas de xente e de vida e que pouco a pouco vanse arruinando ata quedar convertidas nun montón de pedra e barro. Levanta un pouco o ánimo, sen embargo, ver as casas de nova construción que parecen pazos en pequeno con tódolos adiantos técnicos e que nada teñen que envexar ás das vilas.

## A igrexa

No lugar de Vilasusán e sobre un valado que sostén o adro, érguese o templo parroquial de planta rectangular. Do antigo edificio románico só se conserva a fachada principal con arquivolta de arco apuntado sobre dúas colunas; unha delas de capitel vexetal. No outro vense dous torsos humanos, un deles, moi deteriorado, de medio corpo cunha man sobre a cintura e a outra levantada. Non hai documentación escrita sobre a edificación pero por detalles da fachada románica pódese datar a súa construción nos principios do século XIII. O templo foise ampliando nos séculos posteriores conforme a poboación ía crescendo. Na memoria colectiva da parroquia fálase



Retablo barroco da igrexa de Remesar.

dunha antiga edificación noutro lugar pero non hai probas documentais nin arqueolóxicas que o demostren.

A un lado da igrexa érguese un pequeno couto que na actualidade está cuberto de carballizos novos. Este terreo, catalogado como xacemento arqueolóxico da cultura castrexa, pertence ó patrimonio da Igrexa mediante compra realizada á familia Cobián polo párroco Don Ramón Arias Diéguez en documento datado no 1950, actuando como testemuñas Manuel Campos Calveiro e Eladio Sesar Platas.

A información gráfica contida nestas páxinas dá idea clara da rica imaxinería do interior do edificio, especialmente o precioso retábulo de estilo barroco. Pero toda esta riqueza histórico-artística levouna o lume nunhas poucas horas. Pero vaiamos con calma e comecemos polo principio.

Xa había moito tempo que o tellado da igrexa e a instalación eléctrica estaban moi deteriorados. Daba pena ver e escoitar nos días de chuvia as pingueiras que caían do teito e que pouco a pouco facían poza no chan. Por outra banda, os cables da corrente, vellos e mal illados, producían decote chisporroteos e descargas.





A igrexa parroquial.

### Imaxes antigas

Nesta xeración de fregueses aínda permanece vivo e palpitante o recordo das imaxes, retábulos e demais obxectos de culto que o lume arrasou aquel desventurado día 19 de marzo de 1999. Pero se a lembranza perdura, as imaxes dos santos fóronse para non voltar. A modo de homenaxe, constancia e testemuño deixo as fotografías daqueles santos venerados e queridos a quen rezamos tantas veces, e ante os que se axeonllaron xeracións e xeracións de fregueses que hoxe gozan da presenza de Deus e piden polas nosas necesidades.



San Antonio Abade  
(foto Museo de Pontevedra).



San Cristovo,  
patrón da  
parroquia  
(foto Museo de  
Pontevedra).



Inmaculada Concepción  
(foto Museo de  
Pontevedra).



O Neno Xesús (foto  
Museo de Pontevedra).



San Bieito (foto Museo de  
Pontevedra).



Custodia bañada en ouro  
(foto Museo de Pontevedra).



Crucifixo do altar maior (foto Museo de Pontevedra).



A Virxe Dolorosa (foto Museo de Pontevedra).



San Ramón Nonnato (foto Museo de Pontevedra).



San Roque (foto Museo de Pontevedra).



Saída das lapas polo tellado.

## A queima da igrexa

É costume inmemorial no cristianismo a piadosa ofrenda de velas a Deus e aos santos para pedir grazas materiais ou espirituais e evitar desgrazas. A relación entre a vela que arde e o favor que se pretende conseguir non a alcanzo, por iso limítome a citar a frase dun escritor español do Século de Ouro, quen, interrogado sobre unha cuestión semellante, contesta: *no debo tocar esta tecla porque puede sonar mal*.

Estas velas colocábanse tan mestas que coa calor da combustión abrandaban e torcíanse. Ás veces estaban

polo chan debaixo dos manteis que penduraban dos altares laterais co perigo de prender lume neles. Pero aínda había máis motivos de provocación de incendios. A instalación eléctrica do templo parroquial de Remesar encontrábase nun estado tal de abandono que nos días de inverno, durante as ceremonias religiosas, os altavoces da megafonía chirriaban decote a causa das malas conexións producidas pola humidade e moitas veces víanse os fogaños do chispeo dos cables eléctricos. Irremediamente tiña que pasar o que pasou. Contémolo con detalle.

Pola mañanciña do vinte de marzo do ano 1999 un veciño do Outeiro que retornaba á casa despois de celebrar o seu santo, antes de deitarse bota unha ollada cara a igrexa e ve un grande resplandor que saía polo campanario. Avisa por teléfono a unha veciña preto da igrexa para que tocara a lume nas campás. Toca a rebato, acoden os veciños e organízanse as tarefas para apagar o lume. Chámanse bombeiros de varios sitios. Uns chegan, outros pérdense polas pistas, pero



Imaxes queimadas e despois roubadas.

xa pouco se pode facer. As lapas saían polo tellado preto do campanario arrasando todo ó seu paso. Os bombeiros limitáronse a botar auga polas paredes exteriores para evitar danos na sillería.

Ó día seguinte a igrexa ofrecía unha imaxe desoladora: parte do tellado levantado, as cales das paredes desprendidas polo intenso calor do lume. Os bancos, o púlpito, os marqueados do viacrucis, as imaxes dos santos e sobre todo o precioso retábulo do altar maior desapareceran comestos polo lume. Só se conservaba a pequena repisa de pedra onde apoiaba o retábulo. A belísima imaxe da Inmaculada tamén sufriu os estragos do lume. A información gráfica que aquí se aporta dá idea precisa do estado en que quedou a igrexa, as imaxes e obxectos litúrxicos e de culto.

Na parroquia reina a desolación e a tristeza. Esta traxedia deixou sen capacidade de reac-



A sancristía.



Obxectos de culto queimados.



Restos dun altar lateral.



Así quedou o púlpito.



Parede onde estaba o altar maior. Pódese apreciar o fume saíndo da sancristía.



Novo altar doado pola familia de la Calle Otero. Procede da capela do "Sanatorio del Carmen" dos irmáns de la Calle.

ción ós fregueses. Todo era lamentacións, desorientación sen saber buscar un culpable ou achar solucións. Provisionalmente autorízase o traslado do precepto dominical á antiga escola de nenos, compartindo espazo coa taberna e lugar de charla e reunión das persoas da parroquia.

Pero a celebración da misa naquel local non era ben visto polos fregueses, que consideraban pouco digno aquel lugar, circunstancia que orixinou bastantes discordias e enfrontamentos co párroco. A polémica

mica chegou ata o Palacio Arcebispal. O Bispo, a través do Vicario, en comunicación escrita de data 03-03-2000, ordea o cese inmediato da liturxia no local escola engadindo que, os fregueses que o desexasen, asistisen á misa noutras parroquias.

Ademais dos problemas da falta de misa, eran grandes os trastornos que producía a ausencia de cultos na parroquia. Os defuntos debían saír da casa mortuoria para celebrar o funeral na parroquia anexa de San Martiño de Riobó e regresar ó cemiterio da súa parroquia de Remesar para recibir sepultura. Estes trastornos fixeron concienciar máis os fregueses da necesidade de cultos na parroquia. Premen ó párroco en funcións, premen ás autoridades, premen ó arcebispo pero as cousas van para longo. Radicalízanse as posturas dos veciños ata chegar a extremos de grande tensión. Pero todo ten un fin e comezan as obras de restauración.

É de leal obriga deixar aquí constancia do gran esforzo e cooperación de todos os veciños tanto no aspecto de achega de traballo persoal coma de colaboración monetaria sinalando unha cota moi elevada por casa pois o bispado apenas cubriu os custos de restauración do tellado e tiveron que ser os veciños os que reunisen a maior parte do capital necesario para satisfacer todos os gastos ata teren finalizadas as tarefas de restauración e reposición



A purísima, adquirida en Portugal.



A Virxe do Carme.



A nova tribuna.



O novo San Bieito, procedente de Caldas.



Virxe de Fátima, tallada e pintada en Ancorados. Doada polo tallista.

de imaxes e outros obxectos de culto que o lume levou por diante. Os veciños adquiriron tamén, coa colaboración de persoas alleas á parroquia de Remesar pero vencelladas a ela por vínculos de familiaridade, sentimentais ou de devoción, as imaxes que hoxe poden verse. Parabéns pois á parroquia, á Asociación de Veciños *Curuxeira* e a todas as persoas que dunha maneira ou outra fixeron posible que a igrexa fose case a de antes.

Na actualidade a igrexa está a funcionar con toda normalidade como centro relixioso parroquial. Non ten aquel porte, aquel aire que daban as imaxes antigas, non ten a maxestuosidade do retábulo orixinario pero ten un toque máis sinxelo, tal vel máis elegante. O demais xa llo poñerá o tempo cando pasen outros tantos anos por enriba coma os que pasaron polas imaxes e demais obxectos que arderon. E que o vexan outros.





Fragments do cruceiro recollidos do chan trala súa caída.

## A caída do cruceiro

Fóra do adro da igrexa e a un nivel máis baixo atópase un precioso cruceiro asentado en base cadrada de pedra con tres escaleiras. O fuste poligonal de oito caras soporta un afiligranado capitel sobre o que repousa o cruceiro de brazos redondos. A un lado, Cristo Crucificado coa cabeza ladeada á dereita; no reverso, a Inmaculada cos brazos cruzados e un querubín ós pés.

Foi mandado construír polo párroco Don Ramón Silva Señoráns no ano 1877 a costa do mesmo e fregueses da parroquia. Hai unha inscrición ó pé da escaleira que di:

*SIENDO CURA D.R. SILVA A SUS EXPENSAS  
Y DE SUS FELIGRESES EN 1877.*

Polo mes de outubro do ano 1987, cento dez anos despois, uns ventos furacanados azoutaron Galicia e nestas terras tamén fixo moito dano: tellados levantados, árbores arrincados polo pé e outras falcatuadas en galpóns e zoas industriais. Os meteorólogos puxéronlle por nome Katrina. Un refacho daquel vento arrincou capitel



A imaxe restaurada.



Detalle da restauración.

e cruceiro do seu fuste e esnaquizou-no contra os chanzos das escaleiras rompendo todo en mil anacos. Daba pena ver que a imaxe que durante tantos anos bendiciu e protexeu ós fregueses desde o seu couro desaparecera do ceo de Remesar e a súa silueta coa pátina do tempo en forma de medrados líques non fose xa reliquia da parroquia. Ían pasando os meses e os fragmentos do cruceiro xacían abandonados no medio da herba, levando, de cando en cando a couce dalgún veciño que tropezaba con eles.

Ante a indiferencia do crego e dos propios fregueses para por remedio, propúxenme acometer a tarefa de reconstruír este monumento cos meus propios medios. Recollín un por un todos os anacos e incluso area da mesma pedra. Margarita, a irmá do cura de entón, entregoume unha bolsa con anaquinhos dos brazos da imaxe que tiña gardados. No tractor de Milucho trouxemos todos estes restos para a miña casa de Os Besteiros onde establecín o taller de canteiro restaurador. Armado de moita paciencia e aínda máis constancia empecei coa tarefa de ir empatando anaco con anaco. Ós brazos, para maior seguridade, tiven necesidade de facerlles un furado polo medio e unilos con arame de aceiro. Era tarefa lenta pois entre

trozo e trozo había que esperar a que fraguase o cemento. As partes centrais do corpo tamén tiven que aseguralas con barras de aceiro que as atravesaban. E así, despois de seis meses de traballo, quedou restaurado e colocado o cruceiro. A tarefa de poñelo no sitio foi manobra de grande complexidade e levouse a cabo gracias a inestimable axuda de Milucho Neira co guinche do seu tractor e do meu fillo Juan Andrés quen, empoleirado no alto da escada guiou o espigo do cruceiro cara o burato do fuste, sen esquencer colocar, a modo de forras, dúas moedas



A imaxe restaurada.

de vinte e cinco pesetas de Juan Carlos no sitio das dúas de cobre de Isabel II que se encontraban naquel lugar. Na actualidade o cruceiro segue lucindo a súa silueta no ceo de Remesar e o tempo tamén imprimiu na pedra a súa marca cubríndoa de preciosos liques que borran as cicatrices e lle dan un aspecto antigo e venerable.

## O párroco

Neste pequeno traballo de investigación non queremos esquencer a figura de Don Francisco Silva Señoráns, párroco que foi de San Cristovo de Remesar e a súa anexa San Martiño de Riobó. Nacera en Cereixo no ano 1832 e á idade de 45 anos xa rexía estas dúas parroquias. Nada podo dicir do seu labor pastoral pero sí das súas inquiredanzas por mellorar e conservar o patrimonio da igrexa. Máis atrás xa anotamos a construción do cruceiro a expensas do seu peculio de dos fregueses. Mandou tamén restaurar e pintar os retábulo da igrexa de Riobó, onde se le:

*PINTADO ESTE RETABLO A EXPENSAS DEL PÁRROCO  
RAMÓN SILVA SEÑORÁNS Y DE LOS FELIGRESES EN EL AÑO  
1908 SIENDO FABRIQUERO JOAQUÍN GARCÍA.*

Para poder pintalo trasladaron tódalas imaxes para a casa de Baltar do lugar de Alderido onde estiveron depositadas ata que se terminaron as obras. Polas mesmas datas tamén restaurou e pintou os retábulos dos altares da igrexa de Remesar. É de admirar a dedicación deste párroco por restaurar o patrimonio coa axuda dos seus fregueses.

## **A idiosincrasia da xente de Remesar**

En primeiro lugar, teremos que aclarar o significado que lle damos a esta enrevesada palabra e despois entraremos en materia. Cada persoa ten unha maneira especial de comportarse que, en maior ou menor grao, a distingue das demais. En primeiro lugar non todos gozaron da mesma formación cultural nin compartiron os mesmos hábitos de vida. Por outra banda, cada un de nós vén a este mundo cun código xenético herdado dos seus proxenitores. Ademais, os humanos somos seres sociais que vivimos e nos desenvolvemos dentro dunha colectividade estruturada en grupos: –o familiar en primeiro lugar– e integramonos noutros grupos familiares para formar un pobo que porta as características da suma media dos rasgos de cada un dos seus membros.

Abondando un pouco no sentido desta palabra, imos estudar algúns comportamentos dos veciños da nosa parroquia de San Cristovo de Remesar coas súas peculiaridades tal e como os captou este observador sobre os anos sesenta do pasado século. Imos limitarnos de momento ao comportamento do esposo e da esposa. A cuestión da igualdade de sexos estaba daquela moi ben definida na nosa parroquia. No tema económico, o varón era o dono e depositario do diñeiro da casa e controlaba cada unha das entradas de cartos e das compras que se facían para as necesidades familiares. Para as pequenas adquisicións de aceite, arroz, azucre, poñamos por caso, el persoalmente facía a compra ou entregaba a cantidade exacta á encargada de facela na taberna. As necesidades propias das mulleres, o que noutros tempos se lles dicía para alfileres, víanse dificultadas pola súa carencia de liquidez. Éstas debían recurrir a pequenas trampas para dispoñer de algunhas pesetas.

Teño unha lembranza destes comportamentos que me afectaba directamente. Durante os quince anos que permanecín nesta parro-

quia era a miña muller a que controlaba á súa maneira todo o gasto miúdo do consumo familiar e a que persoalmente facía a compra. Esta miña actitude normal de delegar nela o control económico da casa era mal visto polos homes, claro está, da parroquia pois adquirirían fama de estar domeado pola miña esposa. Pola outra banda, a muller, como esposa, estaba colocada na escala máis baixa do orde social no matrimonio. Era soamente útil como man de obra e instrumento necesario para a procreación de fillos para o ceo, cantos máis, mellor. Recordo unha frase, lida non sei onde, que encontra aquí aplicación exacta:

*Madre, ¿qué es casar?  
Casar, hija, es coser, parir y llorar.*

Durante a miña longa estancia en Remesar asistín como amigo a moitos enfermos aconsellando e axudando no seu tratamento médico. A moitos deles acompañeinos ata os seus derradeiros momentos. Nunha ocasión avísanme antes do mencer que un veciño se puxera moi grave. Despois de atravesar a parroquia dunha veira a outra pisando a herba xeada con ese ruído especial que produce, cheguei cando xa estaba en plena agonía. Podíamos ter avisado ao médico na procura da súa posible recuperación, ou ao crego para a súa asistencia espiritual, ou incluso aos seus familiares pero a evolución do enfermo non dou lugar a posibles axudas pois morreu ao cabo duns minutos. A primeira iniciativa da súa desconsolada esposa axudada polas fillas foi sacarlle a carteira que levaba sempre no chaleco co que dormía. *Esta carteira*, comentábame a súa viúva, *nunca a tivera nas mans*. E desde ese intre foi dona e señora do capital familiar. Na actualidade, afortunadamente, a evolución social e económica fixo trocar radicalmente estes comportamentos e agora a muller dispón dos mesmos dereitos que o home e xa non é todo *coser, parir e chorar*.

## Personaxes

Outro dos cregos que deixou unha boa imaxe ante os seus fregueses foi Don Ramón Arias Diéguez, natural de Chantada, na provincia de Lugo. Tocoulle vivir e exercer o seu ministerio nesta parroquia

nos difíciles anos previos á guerra civil española cando as convulsións sociais e políticas eran máis intensas. As persoas maiores aínda lembramos o ambiente anticlerical que dominaba en toda España froito das políticas extremistas que imperaban naqueles tempos. Pero centrémonos en Remesar. O crego, Don Francisco, era a imaxe típica de cura de aldea, cun aspecto tosco pero bondadoso, e que procuraba facer todo o ben posible. Con frecuencia atendía ás necesidades económicas caladamente e por suposto ás necesidades espirituais dos seus fregueses. Pero corrían ventos políticos que ían en contra dos curas e da relixión; entorpecían o labor pastoral do noso crego, pequenos alborotos, prohibición de repenicar as campás, estorbos para que as devotas non acudisen a misa... Pero Don Francisco era home valente e ninguén logrou impedirlle que celebrase a misa, incluso chegou a poñer a pistola na mesa do altar ¡a ver quen era o listo que se poñía por diante! Pero aquilo pasou, cambiaron os ventos coa entrada de Franco no goberno despois dunha guerra civil que durou tres anos e que custou un millón de mortos. Con estes novos tempos impúxose a práctica obligatoria da relixión e por outra banda a represión contra os políticos da oposición foi brutal e carniceira. Moita xente dou testemuño coa vida das súas ideas políticas ou sufriu cadea. Neste aspecto quero destacar a grandeza do noso crego. Durante a purga política, os cregos eran ás veces os informadores das tendencias políticas dos seus fregueses. Aquí en Remesar tamén a garda civil ordeou ó Sr. crego que remitise un informe sobre a actividade política dos seus fregueses: *cóñolas, cóñolas* (expresión moi característica de don Francisco) *aquí non hai nada que dicir da miña parroquia, todos son boa xente e de aquí non levan preso a ninguén*, foi a contestación que lles dou. Claro está que os que antes presumían de ateos cambiaron de tecla e fixéronse moi devotos, pola conta que lles tiña. Cóntase unha anécdota dunha inxenuidade encantadora que sucedeu poucas semanas despois de instalarse o réxime franquista. Daquela comezou a aumentar a asistencia á misa. Víanse caras novas. Todos aqueles que con outros ventos políticos non pisaban a igrexa acoden agora coma se quixesen recuperar ausencias. Don Francisco, *cóñolas, cóñolas*, ría por baixo do nariz e dicía: *estes meus feligreses queren salvar a súa alma e agora non perden*

a *misa dos domingos*. Anos despois, nun comentario que fixera co seu amigo o párroco de San Vicenzo de Berres sobre os novos devotos da súa parroquia dixo deles: *cóñolas, cóñolas, o que viñeron salvar foi o seu corpo pois a alma impórtalles un carallo*.

Pasaron máis de sesenta anos e tódolos protagonistas destas historias acougan no sono eterno dando conta a Deus das súas obras boas e malas, e desde alí miran por nós

Tomás Vázquez Sin Segundo. Así consta o seu nome nos arquivos parroquiais de Teo, A Coruña, onde fora a súa nacencia. Era un home pequeno, gordo, loiro e con cara de paspán, pero de grande agudeza e inxenio. Veu casar a Remesar con Carme da que enviuvou ó pouco tempo. E desde entón botouse polo mundo practicando a mendicidade e a sacar partido do seu aspecto pasmón; semellaba un deses homes que parecen un ninguén que vai para ningures. Cando tratou o casorio con Carme, o crego de Teo mandoulle os papéis ó seu “irmán” de Remesar incluíndo –como era costume– un informe sobre a persoa de Tomás. Nel dicía que *su feligrés Tomás, con su cara de bobo, engaña fácilmente a los listos*.

Por longas tempadas ía polas terras galegas e por fóra delas pedindo ou estafando ás boas xentes que se fiaban da súa cara de parvo. Cando pedía esmola usaba un tono de voz sonoro, baixo, pausado, cunhas cadencias que movían a compaixón... e o froito era abondoso Traguía sempre pendurados no peito crucifixos e outras medallas ou estampas; sabía toda a liturxia da misa sen faltarlle nin unha soa palabra e non se sabe onde aprendeu. Moitas son as anécdotas recollidas na memoria colectiva da parroquia sobre este noso persoaxe.

Nunha aldea, fóra desta comarca, preséntase ó crego e coa súa cara de paspán cóntalle a historia dunha promesa feita de pagar vinte misas pola alma dun veciño pero condicionado a que tiña que xuntar os cartos pedindo esmola nesa parroquia. O crego, engaiolado polas vinte misas que pensaba atrapar, desde o altar pide ós seus fregueses que axuden a este pobre e piadoso home a recadar os cartos para poder cumprir a promesa. A resposta foi moi xenerosa pero a Tomás non lle viron máis o pelo.

Outra das súas sonadas foi cando vendeu unha cerrada de non sei cantos ferrados de pinar propiedade do Conde de Estella no conce-

llo de Teo. Preséntase no convento dos Xesuítas e fai doazón dunha parta dos cartos da venda. O conde, como residía en Madrid, non se enterou da venda ata un ano despois. Mete no xulgado ó pobre Tomás, celébrase o xuízo e o Conde de Estella perdeu o pleito e a piques estivo de perder tamén a cerrada pois Tomás presentou documentación –falsa, claro está– sobre dereitos de propiedade da chouza acreditando ser fillo da criada da casa e de un dos condes. Por outra parte o superior dos xesuítas testificou que recibira o importe da venda dos pinos destinado a fins piadosos.

En Santiago residía un empresario dono dunha potente industria. De rapaz estivera no hospicio sen familia coñecida. Aquí entra a habilidade de Tomás; procura facerse cos datos do rexistro do hospicio e preséntase ó empresario como pai do rapaz contádolle unha historia que a súa sagacidade inventou. O empresario creulle e, por pouco, déixao en cirolas. Nunha das súas correrías chegou a Valencia, e como sabía toda a liturxia e parrafeo da misa pasou por crego nun convento de monxas onde pasou quince días de boa vida facendo de capelán.

Outras moitas falcatruadas se atribúen ó noso Tomás. Dunha vez chegou a presentarse como primo do Xeneral Franco nas oficinas do gobernador de Pontevedra. Pero as riquezas que de mala maneira adquiriu fóronse tamén de mala maneira.

Despois de reler esta historia venme á memoria o fermosísimo relato escrito case cinco séculos atrás onde se narran historias dun pícaro parecido ó noso personaxe: o *Lazarillo de Tormes*.

Anos despois, con motivo de iniciarse o proceso de concentración parcelaria na parroquia de Remesar os propietarios tiveron que demostrar documentalmente as súas propiedades. Aclaro que Iryda, sendo eu mestre da parroquia, ofrecérame a oportunidade de levar este proceso e, como pagaban ben, aceptei. Lémbrome coma se fose hoxe: chega Tomás o *herdeiro* como alí lle chamaban ó local da escola onde estaban as “oficinas” para declarar a propiedade dos seus bens cun feixe grande de documentos atados con cordeis. Como eu xa estaba no intrínquilis da ilegalidade daqueles bens comunícolle que volvese o mércores para citarse co avogado da entidade. Chega ese día, o avogado revisa os papeis do herdeiro e anulalle a propiedade da metade das fincas. Claro está: o mestre pasou a ser inimigo



eterno do *herdeiro* pois deixouno sen a metade da casa e sen moitas fincas. Bastantes anos despois o cantautor Juan Pardo adquiriu a casa de Tomás e restaurouna ó seu xeito.

## O sancristán

Manuel Campos Calveiro, “o do teniente” era fillo de José Campos, tenente de infantaría que loitou na guerra de África e que ó xubilar-se pasou a vivir na súa casa de Vilasusán de Remesar. Se facemos un repaso da historia recente desta parroquia estradense encontrámonos por veces persoeiros sinxelos, que pasan pola vida sen ter metido barullo, nin para ben nin para mal, pero que, por outra banda, destacaron nalgunha faceta da vida. Manuel ós dezoito anos estaba no exército de Franco como soldado de infantaría loitando no fronte do Ebro onde se librou unha das batallas máis duras e carnicieras da Guerra Civil. Alí quedaron moitos homes de un e do outro bando. A nai de Manuel, angustiada pola sorte do seu fillo, pedía ó ceo e a tódolos santos que o librase de todo mal, que o deixase regresar con ben para a súa casa. Deus iluminouna para que concretara a súa petición nunha promesa. Esta foi: ofrecía a Manuel para que, se Deus quería traelo vivo á casa, exercería de sancristán durante todo un ano na igrexa de Remesar. Manuel voltou con boa saúde aínda que con moitas penalidades sufridas e moitas máis presenciadas e compaceu a súa nai aceptando o voto esta fixera.

E así empezou de monago axudando ó crego don Francisco Arias Diéguez. Era entón sobre o ano 1940. Cumpriu ese ano ofrecido como promesa, cumpriu dez máis, corenta e ata sesenta anos consecutivos servindo como axudante a varias xeración de cregos. Foi tamén padriño de confirmación de centos de rapaces.

Á morte de don Francisco Arias axudou a misa e a outras liturxias ós cregos que atenderon esta parroquia de maneira provisional ata que se nombrou párroco permanente, no ano 1961, a don Manuel Pazos Viz con quen estivo ata que don Manuel cesou por impedimento de saúde. No tempo deste párroco ardeu a igrexa de Remesar e trasládase o culto, como se relata nun capítulo anterior, a un edificio profano. Toma despois posesión da Parroquia don

Manuel Rosende. Tempo despois retáurase e ábrese ó culto de novo a igrexa de Remesar pero o sancristán Manuel Campos xa non exerceu nunca máis o seu oficio nun templo que xa non era o seu. Canso e entristecido nunca máis quixo saír da súa casa onde finou ós oitenta e catro anos.

Con frecuencia outorgámoslles títulos de grandes homes a aqueles que pasan pola vida metendo barullo, facendo cousas que veñen na prensa ou quedan escritas nos libros de historia. Pero hai persoas que pasan pola vida caladamente, cumprindo coas obrigas propias do seu traballo, da familia e dos seus veciños, sen que ninguén se entere, sen meterse nas vidas alleas. A min prodúceme unha intensa admiración este persoaxe calado, introvertido, pouco falador, de camiñar pausado pero que deixa toda unha vida de abnegación e traballo. Xamais falou nin das grandezas nin das debilidades dos cregos a quen serviu. Sesenta anos servindo a Deus e ós veciños nas cerimonias da igrexa, levando para adiante unha familia de dez fillos que actualmente residen en comarcas cercanas, todos eles traballadores e honrando sempre a memoria de seus pais

Manuel Campos Calveiro e Gumersinda Sanluís Rey, matrimonio inesquencible que trouxo ó mundo unha prole numerosa. El, sancristán e labrego; ela, agricultora, ama de casa e nai de dez fillos. Na vida desta parella tivo que haber grandes sacrificios e moitas privacións para levar a vida adiante. Manuel e Gumersinda traballaban as terras nunha época na que apenas daban para vivir e xa abondaba se os produtos do campo cubrían as necesidades da alimentación. Manuel, como sancristán da parroquia, non cobrou nunca un céntimo, xenerosidade pura, traballaba de balde. Sen embargo, nos seus derradeiros anos, cando as funerarias se encargaban dos trámites do enterro, chegou a cobrar ata cinco mil pesetas por enterro. Un persoaxe así enche a vida dunha parroquia. Coido que cómpre sacar do esquencemento ó sancristán Manuel Campos, honralo e poñelo como exemplo de pai de familia, de constante traballador e de home de ben. Desde aquí animo á parroquia para que salde esa débeda contraída cun veciño que nestes intres está a axudar á misa a don Francisco alá no ceo, en presenza de Deus e coa asistencia de todos os difuntos de Remesar. Que desde alí nos alumeen.

## Relacións sociais

Un aspecto moi curioso das relacións sociais podíase observar antano nos velorios. Nestas reunións obsérvase un especial comportamento das persoas ante a presenza do corpo do defunto. Na zona rural, e ata hai poucos anos, as persoas asistentes ó velorio procedían dunha área xeográfica moi próxima dado que a dificultade de comunicacións impedía a asistencia dos de outras zonas máis arredadas. O velorio facíase na propia casa do defunto á que se lle daba un repaso de limpeza e orde. O velorio duraba toda a noite e o tempo pasaba axiña pois sempre había asistentes de parola doada e actitude cómica que amenizaban as longas horas da noite. Claro está que só participaban nesta tertulia as persoas alleas á familia; os chistes, as anécdotas e faladurías enchían a noite e pasábase ben. Era frecuente que os da casa ofrecesen bebidas para aliviar un pouco o paso do tempo con elas as conversas subían de tono e de volume. Pasada a noite do velatorio e tódalas cerimonias do funeral e enterro, os da casa motuoria ofrecían un xantar ou cea ós asistentes que máis axudaran na súa organización e preparativos. Os comensais, fóra xa da presenza do defuntiño, móstranse máis animados e ledos. Conto agora o que me sucedeu nunha aldea onde falecera un veciño aínda moi novo. Como sentía pena e preocupación pola muller e fillos do defunto achégome, xa con noite pecha, á súa casa para consolalos, pero xa de lonxe escoito un barullo de conversas, risadas e tintinear de vasos e pratos. Entonces eu, caladiño, sen que ninguén se decatase, dou a volta e regreso á miña casa.

Claro está que nas vilas, e agora incluso nas nosas zonas rurais, lévase o defunto ó tanatorio máis próximo e xa non se ocupan os da casa das tarefas propias do acto funerario. A pesar da grande dor que a morte dun ser querido produce ós familiares, o velorio ten unha función social positiva nestes tempos de dispersión das xentes e redución do trato persoal.

A asistencia a un velorio facilita o reencontro das persoas, reencontros sempre emocionados con matices incluso de ledicia para a xente allea á fonda pesadume dos familiares. Ás veces reencóntranse amigos tras longos anos de separación. Son curiosas as frases de exclamación con que expresa a satisfacción de voltarse a ver, pensando moitas veces con inevitable saudade: *como se che notan os anos; tan*

*novo e forte que eras naquel tempo e que estragado te vexo agora*, aínda que as palabras cortesés que pronunciamos sexan ben outras: *¡pero que ben te conservas; parece que os anos non pasan por ti!* Apertas emocionadas e interés por coñecer en pouco tempo as novas da vida de cada quen, despois un repaso dos tempos pasados... Rematada a cerimonia do funeral todos voltan para as súas casas cheos de satisfacción e de ledicia polo reencontro con coñecidos e amigos, moitos deles case esquencidos. Non debemos considerar estas manifestacións como falta de respecto polo defunto e da súa familia, de ningunha maneira; penso que debemos reflexionar dunha maneira máis humana considerando moi positiva esta actitude dos asistentes porque reforzan os lazos de amizade, e todos debemos aceptar como normal que algún día, cando nos chegue a hora as nosas familias chorarán a nosa perda e os amigos compartirán emocionados as ledicias dos reencontros. E que siga a roda da vida coa súa lei inexorable. Amén.

### **Máis tribulacións parroquiais**

Os ventos furacanados esnaquizaron o noso fermoso cruceiro; o mal uso e abuso das velas plantaron lume na igrexa... *¡Que máis tribulacións tiña reservado o destino a esta querida parroquia de Remesar?* Repostos xa da caída do cruceiro, reparada a igrexa, restaurada a imaxinería e asistidos por un novo párroco que viña cheo de ilusións, o infortunio golpeou de novo a freguesía castigándoa con novas penalidades. Despois de varios intentos, os ladróns conseguiron entrar na igrexa. Cun trado eléctrico furaron a pechadura, franquearon a porta e levaron todos os obxectos de culto que foran repostos con tanto esforzo e sacrificios: cálices, fontes, coroas das imaxes e todo canto consideraron de valor. Chegou o seu sacrílego atrevemento a sustraer o copón coas partículas consagradas, que tiraron ao chan do adro.

### **Remate**

O día vinte de agosto de 1962 entrei por primeira vez na parroquia de Remesar despois de atravesar os pasais da Presa Nova de Oca. O

motivo era buscar unha casa para vivir nela coa familia. Facía uns meses que fora nomeado mestre da Escola Nacional de Nenos da parroquia. Don Manuel Barros, por entón cura de Lampai, ofrecérame a súa casa para vivenda e quería saber o seu estado. O día vinte de agosto de 1977, quince anos despois, saía definitivamente de Remesar para ocupar novo destino. Nestes quince anos afaneime na miña profesión de mestre e varias xeracións de nenos recibiron as miñas ensinanzas; afaneime pola parroquia pero tamén ela me proporcionou grandes satisfaccións. Dos moitísimos amigos que alí tiña poucos quedan, ¡cantos morreron desde aquel vinte de agosto de 1962! Cando teño ocasión de asistir a algunha cerimonia relixiosa dou unha volta darredor do adro ollando as sepulturas e penso con saudosa tristeza: *teño máis amigos dentro que fóra*. Estes quince anos de convivencia, de estar ledo coas ledicias da parroquia e apenarme coas súas penas, quedaron moi marcados en min, moi dentro do meu corazón. Un recordo pois emocionado para os veciños que se foron e un saúdo para todos aqueles que hoxe loitan a cotío e viven coas súas ansias ás costas. A todos eles dedico este pequeno traballo.